

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

*ORDE do 3 de xaneiro de 2013 pola que se aproban os plans para a explotación dos poliquetos en Galicia para o ano 2013 e se regula o seu exercicio.*

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, no seu artigo 2, establece que a política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.

A Consellería do Medio Rural e do Mar é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponde desenvolver, entre outras, as competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura e, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a conservación, protección e xestión sustentable dos recursos marisqueiros.

A consellería, segundo o establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, regulou a explotación deste recurso no litoral de Galicia mediante a Orde do 6 de febreiro de 1998 e, posteriormente, coa Orde do 18 de abril de 2006, os plans de explotación específicos para poliquetos.

A explotación dos poliquetos no litoral de Galicia vai aumentando ano tras ano debido á gran demanda destas especies para o seu uso como engado na pesca deportiva, cun valor económico elevado e que constitúe para as persoas dedicadas ao marisqueo unha diversificación da súa actividade, que contribúe á mellora das súas rendas.

As especies que se explotan actualmente son:

- *Hediste diversicolor*: miñoca vermella.
- *Diopatra neapolitana*: miñoca de tubo, casulo.
- *Lumbrineris impatiens*: gabián.
- *Arenicola marina*: mangón, miñoca de area.



Os plans de explotación aprobados van acompañados dun seguimento do recurso, de xeito que actualmente están perfectamente delimitados os bancos marisqueiros por especies susceptibles de seren explotadas comercialmente, coñécense os niveis de capturas de cada unha e pode analizarse o resultado do esforzo pesqueiro a que están sometidos os ditos bancos.

Unha revisión bibliográfica da bioloxía das especies explotadas e o seguimento exhaustivo dos plans de explotación, que permiten adecuar o esforzo extractivo ás características das poboacións existentes, levaron a permitir durante o ano 2012 o aumento do período de extracción. A boa xestión do recurso nos plans de explotación vixentes, xunto co seguimento técnico permanente, permiten continuar co incremento do período de actividade.

Dentro das entidades asociativas do sector que levan a cabo a explotación dos recursos, as mariscadoras a pé constitúen un colectivo moi importante. O desenvolvemento da actividade extractiva de poliquetos en todo o seu potencial, no marco dos plans de explotación, precisa que se poida realizar nas mesmas zonas, períodos e horario de traballo que a actividade marisqueira xeral. Esta complementariedade contribuirá de xeito importante á súa consolidación como especie alternativa no sector do marisqueo a pé.

O mecanismo de elaboración dos plans de explotación permítelles ás entidades asociativas do sector a participación activa na xestión dos recursos marisqueiros mediante a presentación dos plans. A Administración, co obxecto de tutelar o proceso, require os informes técnicos sobre os aspectos esenciais e, se procede, introduce as melloras necesarias, co fin de asegurar unha explotación sustentable dos recursos marisqueiros e acadar unha maior rendibilidade económica.

Polo tanto, examinados os plans de explotación remitidos polas entidades asociativas do sector, vistos os informes emitidos polos técnicos desta consellería e de conformidade co disposto na normativa antes citada,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto desta orde é aprobar os plans de explotación para poliquetos para o ano 2013 que foron elaborados polas entidades asociativas do sector, así como regular o procedemento e aprobación dos plans de explotación para o ano 2014.



2. Tamén é obxecto desta orde regular a extracción de poliquetos para usar como cebo nas embarcacións que contan no permiso de explotación con modalidades de anzol.

#### Artigo 2. *Plans de explotación*

Apróbanse os plans de explotación de poliquetos que se relacionan no cadro A. Os plans desenvolveranse conforme o establecido no artigo 3 desta orde e as instrucións que posteriormente se diten, de seren necesarias.

#### Artigo 3. *A autorización para a extracción ao abeiro dos plans de explotación*

1. As entidades asociativas titulares do plan de explotación poderán solicitar a apertura do plan de explotación dirixíndose ás xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural e do Mar, segundo o modelo que figura como anexo II desta orde. O modelo tamén estará á disposición na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>.

Presentaranse cunha antelación mínima de 10 días ao inicio da actividade extractiva, nos rexistros das xefaturas territoriais e comarcais da Consellería do Medio Rural e do Mar, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Tamén poderán presentarse na sede electrónica <https://sede.xunta.es>.

As solicitudes virán acompañadas dos datos de explotación do mes anterior co obxecto de levar a cabo o seguimento e a xestión dos bancos de acordo coas indicacións dos técnicos da consellería, responsables de emitir informe sobre a solicitude.

Igualmente, estes mesmos datos serán remitidos ao Servizo de Análise e de Rexistros, de xeito electrónico, ao seguinte enderezo: [produccion.pesqueira@xunta.es](mailto:produccion.pesqueira@xunta.es).

2. As xefaturas territoriais, de acordo co previsto no plan de explotación, ditarán resolución en que se autorice ou denegue a extracción, expresando as datas concretas da actividade e demais normas necesarias para o desenvolvemento do plan de explotación.

A falta de resolución expresa determinará a autorización presunta da actividade sempre que a solicitude se presentase dentro do prazo sinalado; doutra forma, considerarase desestimada.



#### Artigo 4. *Período autorizado para a captura de poliquetos*

Con carácter xeral, durante o ano 2013, a extracción de poliquetos con carácter comercial poderá desenvolverse desde a data de entrada en vigor desta orde ata o 31 de decembro de 2013; a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá modificar este prazo, se o considerase necesario, en función do estado do recurso.

#### Artigo 5. *Requisitos para a extracción de poliquetos*

1. Todas aquelas persoas que queiran dedicarse á extracción de poliquetos deberán figurar nun plan de explotación e estar en posesión dun permiso de explotación de poliquetos segundo o regulado no Decreto 425/1993, do 17 de decembro.

2. As persoas titulares dun permiso de explotación para o marisqueo a pé poderán desenvolver a actividade extractiva de poliquetos no mesmo período e horario que o marisqueo xeral, sempre que a zona de traballo o permita e así se recolla nos plans de explotación de poliquetos aprobados.

3. Segundo a Orde do 23 de abril de 1999, modificada pola do 13 de xuño de 2001, da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, pola que se regula o exercicio do mergullo profesional, a aprobación dos plans de explotación coa modalidade de mergullo implica a autorización para realizar o mergullo nas zonas e período de vixencia daqueles, segundo as resolucións de apertura que sexan ditadas polas xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural e do Mar, sen prexuízo da correspondente aprobación para efectos de seguridade, outorgada pola capitánía marítima correspondente, de acordo co establecido na Orde do 14 de outubro de 1997, do Ministerio de Fomento, que establece as normas de seguridade para o exercicio de actividades subacuáticas.

#### Artigo 6. *A captura de poliquetos como engado nas embarcacións de pesca*

1. As persoas armadoras das embarcacións que contan no permiso de explotación con modalidades de anzol e que estean utilizando poliquetos como engado deberán solicitar autorización para a captura de poliquetos.

2. As solicitudes dirixiranse ás xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural e do Mar, segundo o modelo que figura como anexo III desta orde, no cal se indicarán as datas e zonas. O modelo tamén estará á disposición na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>.



Presentaranse cunha antelación mínima de 10 días ao inicio da actividade extractiva nos rexistros das xefaturas territoriais ou comarcais da Consellería do Medio Rural e do Mar ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Así mesmo, tamén se poderán presentar na sede electrónica <https://sede.xunta.es>.

3. Non se poderán realizar extraccións naquelas zonas en que existan plans de explotación para outros recursos.

*Artigo 7. Presentación da solicitude de plans de explotación para poliuetos para o ano 2014*

1. As solicitudes das entidades asociativas do sector dirixiranse á persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, da Consellería do Medio Rural e do Mar, segundo o modelo que figura no anexo I desta orde, e presentaranse antes do 1 de novembro, de acordo co establecido nos seguintes parágrafos. O modelo tamén estará á disposición na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>.

Presentaranse no Rexistro Único e de Información do Complexo Administrativo de San Caetano, no de calquera das xefaturas territoriais ou comarcais da Consellería do Medio Rural e do Mar, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Tamén poderán presentarse na sede electrónica <https://sede.xunta.es>.

A solicitude virá acompañada do plan de explotación.

As solicitudes virán asinadas pola persoa representante legal da entidade. Se a solicitude é para un plan conxunto, deberá ser asinado por todos os representantes ou constar o acordo de delegación expresa de nomeamento do representante.

2. As xefaturas territoriais, como órganos responsables da tramitación da solicitude, comprobaran que reúnen todos os requisitos. En caso contrario, serán requiridas as entidades para que, nun prazo de 10 días remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para avaliar o plan. Se así non o fixeren, considerárase que desistiron da súa petición. A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada no rexistro da xefatura territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar a que lle corresponda a tramitación, salvo que no escrito de requirimento se sinala outra cousa. A documentación presentada nun rexistro distinto poderá ser inadmitida, a menos que teña entrada nel dentro do prazo inicial de 10 días conferido para a súa entrega.



3. Non se aplicará o disposto no parágrafo anterior ás solicitudes que non acheguen como mínimo os aspectos sinalados no artigo 2 da Orde do 18 de abril de 2006 e que se relacionan a continuación, que poderán ser inadmitidas, logo da correspondente resolución de inadmisión:

a) Obxectivos de explotación:

1. Obxectivos de produción en quilos por especie de poliqueto ao longo do ano.
2. Obxectivos económicos.
3. Número de participantes no plan.

b) Avaliación do recurso.

c) Plan de extracción e comercialización:

1. Datas previstas para a extracción das distintas especies.
2. Número de días máximos de actividade.
3. Tope de captura por mariscador/a para cada especie e día.
4. Formas de comercialización.
5. Normas de comercialización.

d) Plan financeiro.

4. Os plans de explotación para poliquetos serán aprobados mediante orde da Consellería do Medio Rural e do Mar con anterioridade ao inicio do ano.

Disposición derradeira primeira. *Consulta dos plans de explotación*

Os plans de explotación presentados polas entidades que serviron de base para esta orde estarán dispoñibles nos servizos centrais, xefaturas territoriais correspondentes da Consellería do Medio Rural e do Mar, así como na sede das entidades responsables destes, sen prexuízo do cumprimento da Lei 15/1999, de protección de datos de carácter persoal. Os datos mínimos sobre os plans de explotación aprobados estarán dispoñibles nas páxinas web <http://www.xunta.es> e <http://www.medioruralemar.xunta.es>.



## Disposición derradeira segunda

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para o desenvolvemento desta orde e que, co obxecto da mellora da xestión dos recursos marisqueiros e na procura dunha explotación sustentable destes, adopte as medidas de regulación necesarias en función do estado dos recursos e dos informes emitidos polos técnicos, e tras consultar o sector.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2013

Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo  
Conselleira do Medio Rural e do Mar



**Cadro A: plans de explotación de poliquetos**

Entidade <sup>(1)</sup>	Modalidade <sup>(2)</sup>	Especies <sup>(3)</sup>	Zona de traballo	Días máx. de extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
Provincia da Coruña						
A.M. Fonte de Santa Helena de Baldaio	A pé	Am	Lagoa externa de Baldaio	40	De xaneiro a decembro	Fonte de Santa Helena
C.P. A Coruña	A pé MA MSAS	Am Li	Pedra do Sal; Leira (campo de fútbol); Leira; Leira (entre Leira e Caión); Caión (praia da Salseira); Barrañán (O Relojero); Balcobo Pequeno (praia de Balcobo Pequeno ata Pedra Herba); Ripibello; Os Castelos; praia de Sabón (A Térmica); Suevos (porto de Suevos ata a fábrica Ártabra); Bens (praia da Refinería); Bens (illa Redonda); O Portiño; Riazor/Orzán; San Amaro; Bastiagueiro Pequeno	155	Do xaneiro a decembro	Zona de Suevos-fábrica Ártabra
C.P. Camelle, Corme, Laxe e Malpica (plan conxunto)	A pé MA MSAS	Li	De punta Gallada ás lagoas de Baldaio (excluídas), agás as praias de Laxe, Osmo e as illas Sisargas	170	De febreiro a decembro	Peiraos de Corme, Camelle, Malpica e Laxe
C.P. Corcubión	MA MSAS	Am Hd Li	De punta Pión a punta Caneliñas; de cabo Cee a cabo da Nasa	30	De marzo a outubro	Porto de Corcubión
C.P. Ferrol	MSAS	Am Hd Li	Desde a ponte do tren ata o faro de punta Frouxeira	131	De maio a outubro	Praias de Doniños, San Xurxo, Santa Comba e peirao de Ferrol
C.P. Miño	A pé	Am Dn Hd Li	Souto, Lombo de Castelo de Souto; Río Lán cara; Salinas; río Morto; Lombo do Castelo do Pedrido; punta praia Xurela; praia pequena de Miño (Cebado); praia pequena de Miño (Couce) e Lombo de Espiñeira. Ponte do Porco; final praia Grande; Seixas e río Bañobre	140	De xaneiro a decembro	Porto-praia pequena de Miño
C.P. Muros	MA MSAS	Am Hd Li	De punta Insua a punta Uía	124	De marzo a decembro	Faro de Monte Louro, Acoradoiro e peirao de Muros





Entidade <sup>(1)</sup>	Modalidade <sup>(2)</sup>	Especies <sup>(3)</sup>	Zona de traballo	Días máx. de extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. O Pindo	A pé	Am Dn Hd Li	Praia de San Pedro, de punta do Portiño a praia de Cornabecerra; praias de Area Branca, Lires, O Rosto, Mar de Fóra e Arnela.	176	De marzo a decembro	Porto do Pindo e praia do Rosto
C.P. Porto do Son	A pé	Am Dn Hd Li	De punta Cabeiro a punta Magrío; de punta Castro a río Sieira	132	De xaneiro a decembro	Praia de Cabeiro, peirao de Porto do Son, praia Arnela, praia de Arealonga, Porcalleira e río Sieira.
C.P. Porto do Son	MA MSAS	Am Dn Hd Li	De punta Cabeiro a punta Magrío; de punta Castro a río Sieira	120	De xaneiro a decembro	Peirao de Porto do Son
<b>Provincia de Pontevedra</b>						
C.P. Aldán-O Hío	A pé	Am Dn Hd Li	Praia de San Cibrán; praia de Vilaríño; O Cagallón; Area Brava e Castiñeiras	36	De marzo a outubro	Praia de San Cibrán e instalacións da confraría
C.P. Cambados	A pé	Am Dn Hd	Saco de Fefiñáns; Pantalán; Fefiñáns; O Varal; Bebedeiros; Medio do Sarrido; Illeira	184	Do xaneiro a decembro	Alpendre de Ribeira da Mouta e instalacións da confraría
C.P. Portonovo	A pé	Li	Praia Faxilda (ou Pociñas); praia de Pragueira; praia de Bascuas; praia de Montalbo; praia Canelas	128	De xaneiro a decembro cunha veda do 1 de xaneiro ao 15 de febreiro e en decembro	Instalacións da confraría
C.P. Redondela	A pé	Dn Hd	A Portela (de punta Monte Gordo a punta do Socorro) e praia de Barra.	130	De xaneiro a decembro	A Portela e instalacións da confraría
C.P. Vilaboa	A pé	Am Dn Hd	Cabalo, Deilán, Río Maior, San Adrián (norte)	50	De xaneiro a decembro	Peirao de Santa Cristina de Cobres
C.P. Vilanova	MA	Dn	As Sinas; Con Grande; Carballas; Negrenlas	92	De marzo a outubro	Embarcación na zona de traballo e instalacións da confraría

(1) Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M.	Asociación de mariscadoras	MA	Mergullo en apnea
C.P.	Confraría de pescadores	MSAS	Mergullo con subministración de aire desde superficie

(3) Especies:

Abreviatura	Nome científico	Nome común
Am	<i>Arenicola marina</i>	Mangón, miñoca de area
Dn	<i>Diopatra neapolitana</i>	Miñoca de tubo, casulo
Hd	<i>Hediste diversicolor</i>	Miñoca vermella
Li	<i>Lumbrineris impatiens</i>	Gabián



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>PLAN DE EXPLOTACIÓN DE POLIQUETOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PE410A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>	
ENTIDADE ASOCIATIVA DO SECTOR	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

<b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>			
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

<b>SOLICITA</b>
Aprobación do Plan de explotación de poliquetos.

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA</b>
<input type="checkbox"/> Plan de explotación

<b>OBSERVACIÓNS</b>
<input type="text"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

<b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orde do 6 de febreiro de 1998 pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para engado, no litoral de Galicia.</li> <li>- Orde do 18 de abril de 2006 pola que se regulan os plans de explotación específicos para poliquetos e se aproban os plans para a explotación de poliquetos no litoral de Galicia para o ano 2006.</li> <li>- Orde do 3 de xaneiro de 2013 pola que se aproban os plans para a explotación de poliquetos en Galicia para o ano 2013 e se regula o seu exercicio.</li> </ul>

<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

CVE-DOG: mkekcn2-rxw5-ytu5-eye1-qojjed6hdno7



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>PLAN DE EXPLOTACION DE POLIQUETOS AUTORIZACIÓN PARA EXTRACCIÓN MENSUAL</b>		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PE410B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE ENTIDADE ASOCIATIVA DO SECTOR <span style="float: right;">NIF</span> <input type="text"/> <input type="text"/>			
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN NOME <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/> EN CALIDADE DE <input type="text"/>			
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ENDEREZO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/> CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> FAX <input type="text"/> ENDEREZO ELECTRÓNICO <input type="text"/>			
SOLICITA Autorización de apertura. DATA <input type="text"/> BANCO OU PRAIA <input type="text"/> ESPECIE (máximo por especie e persoa): <input type="checkbox"/> Arenicola marina <input type="checkbox"/> Diopatra neapolitana <input type="checkbox"/> Hediste diversicolor <input type="checkbox"/> Lumbrineris impatiens			
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA <input type="checkbox"/> Solicitud apertura			
OBSERVACIÓNS <div style="border: 1px solid black; height: 100px; width: 100%;"></div>			
En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.			
LEXISLACIÓN APLICABLE - Orde do 6 de febreiro de 1998 pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para engado, no litoral de Galicia. - Orde do 18 de abril de 2006 pola que se regulan os plans de explotación específicos para poliquetos e se aproban os plans para a explotación de poliquetos no litoral de Galicia para o ano 2006. - Orde do 3 de xaneiro de 2013 pola que se aproban os plans para a explotación de poliquetos en Galicia para o ano 2013 e se regula o seu exercicio.			
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE  Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>			

 Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar de 

CVE-DOG: mkekcn2-rxw5-ytu5-eye1-qojjed6hdno7



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

ANEXO III

PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE EXTRACCIÓN DE POLIQUETOS PARA USO COMO ENGADO DESDE EMBARCACIÓN</b>		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PE410C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
ENTIDADE ASOCIATIVA DO SECTOR <input type="text"/>		NIF <input type="text"/>	
NOME DA EMBARCACIÓN <input type="text"/>	MATRÍCULA E FOLIO <input type="text"/>	Nº DE TRIPULANTES <input type="text"/>	
PORTO BASE <input type="text"/>	CONFRARÍA ASOCIACIÓN <input type="text"/>		
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME <input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
EN CALIDADE DE <input type="text"/>			
<b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>			
ENDEREZO <input type="text"/>		LOCALIDADE <input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	
TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	ENDEREZO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	
<b>SOLICITA</b>			
Extracción de poliquetos para uso de engado para embarcación.			
ZONA <input type="text"/>		DATA <input type="text"/>	
PERSOAS QUE VAN FACER A RECOLECCIÓN <input type="text"/>			
<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA</b>			
<input type="checkbox"/> Solicitude de poliquetos.			
<b>OBSERVACIÓNS</b>			
<input type="text"/>			
En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.			
<b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b>			
- Orde do 6 de febreiro de 1998 pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para engado, no litoral de Galicia. - Orde do 18 de abril de 2006 pola que se regulan os plans de explotación específicos para poliquetos e se aproban os plans para a explotación de poliquetos no litoral de Galicia para o ano 2006. - Orde do 3 de xaneiro de 2013 pola que se aproban os plans para a explotación de poliquetos en Galicia para o ano 2013 e se regula o seu exercicio.			
<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>			
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>			

 Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar de 

CVE-DOG: mkekcn2-rxw5-ytu5-eye1-qojjed6hdno7



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>